VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

Moncho Gándara Martínez. https://www.facebook.com/moncho.gandaramartinez.7

Que pasa na Costa . Patrimonio . Tesouros de Berdoias
. https://www.quepasanacosta.gal/author/moncho-gandara

Asociación Parroquial de Berdoias
SEMESCOM
Comarca da Terra de Soneira

Asociación Parroquial de Berdoias

Asociación Via Mariana Lusogalaica

20 de abril a las 15:32 ·
(I) TESOUROS DO PATRIMONIO DA PARROQUIA DE BERDOIAS (EN VIMIANZO)
A "ASOCIACIÓN PARROQUIAL DE BERDOIAS ", coa colaboración do Seminario de Estudos Comarcais (SEMESCOM), están a rematar un censo completo do PATRIMONIO MATERIAL que atesouran os lugares da parroquia de BERDOIAS.
https://www.facebook.com/moncho.gandaramartinez.7/posts/112437663769595

Un dos obxectivos deste traballo é o de espallar estas manifestacións entre os veciñ@s, e tamén entre tod@s aquel@s camiñantes e peregrin@s da Vía Mariana Luso-Galaica, vía internacional de Braga a Muxía, e que atravesa pola parroquia de Berdoias e pola da veciña de Baíñas.
Un dos medios de difusión deses tesouros serán as redes, polas que iremos dando conta, ós poucos, dunha serie deles.

MOSTRA DO PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS :
CONSTRUCIÓNS DE TRANSFORMACIÓN DO GRAN: AS EIRAS
Hoxe, aquí, queremos comezar por eses espazos arquitectónicos complementarios das casas vivenda rurais que son AS EIRAS. Esas construcións de transformación do gran que, noutros tempos, centralizaron o traballo campesiño de cada verán coas MALLAS do trigo, do centeo, da avea… Eiras que foron esmorecendo dun xeito acelerado ó longo da segunda mitade do século XX. A mecanización, os progresivos cambios nos cultivos, e as necesidades de novos espazos , contribuíron en gran mediada á súa desaparición…
Aínda así, hoxe, neste traballo lévanse censadas na parroquia de Berdoias unhas 30 Eiras, un feito que a converte nunha auténtica PARROQUIA DAS EIRAS, e cun número apreciable delas en aceptable estado de conservación.

Lugares da parroquia de Berdoias no concello de Vimianzo (A Coruña)

Berdoias | Boallo | A Bouza | A Casanova | Castrobuxán | Grixoa | Pedra do Frade | O Petón | Rego dos Podres | Romar | Santa Cristiña

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/vimianzo/2020/05/10/span-langgl-parroquia-berdoias-atesoura-rico-patrimonio-etnograficospan/0003_202005C10C9991.htm

PATRIMONIO GALEGO

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

INDICE por MATERIAS

ALVARIZAS

1. A Alvariza do Gandiño En Berdoias
2. A Alvariza Do Varelo En Grixoa
3. Alvarizas En Boallo

CABAZOS

Os 99 cabazos da parroquia .

Cabazos vellos, cabazos novos. Cabazos pequenos, cabazos longos

1. Cabazo Novo De Cantería, En Berdoias
2. Cabazo da casa de Lema
3. Os Vellos Cabazos Da Bouza
4. Cabazos rústicos no lugar da Bouza
5. Cabazos en Grixoa
6. Cabazo atlántico en Grixoa
7. Cabazo en Romar
8. Cabazos do Pazo en Boallo
9. Cabazo do Gandara. Boallo

CASAS-VIVENDA

1. A Casa Grande de Alonso de Lema II
2. Pazo de Martiño de Castiñeira

As casas-vivenda no lugar de Berdoias

1. A Casa do Carmelo
2. A Casa do Chibarra
3. A Casa da Sarrama
4. A Casa do Gandiño (O Patin)
5. Casa Das Rebeiras
6. As Casas de Mariano e Cotorro.

CONSTRUCIÓNS DE RELIXIOSIDADE

1. Igrexa Parroquial de Berdoias
2. Cruceiro do Adro (I)

Ermidas, Capelas, Cruces e cruceiros.

1. A Ermida De Santa Cristiña
2. Capela de San Roque
3. Cruz da Pedra do Frade
4. Cruz do lugar da Pedra
5. Cruz do Varelo
6. Cruz de Desgracia en Sta Cristina

CURROS

O Curro de Santa Cristiña.

EIRAS

Unha parroquia de 35 Eiras

1. A Eira da Rata en Berdoias
2. A Eira do Carmelo en Berdoias
3. A Eira do Farruquiño no lugar de Boallo
4. A Eira de Rúa na Casanova
5. A Eira do Sores, en Romar
6. A Eira do Vilar, en Grixoa
7. A Eira da Gaia na Pedra do Frade
8. A Eira do Buxán, en Santa Cristiña
9. A Eira do Vilara, en Sta Cristiña
10. A do Caamaño, en Sta Cristiña
11. **Eira da casa do Rego**, no Rego dos Podres

FONTES, POZOS, LAVADOIROS...

Fontes, Pozos, Lavadoiros, Vertedeiros

1. Fontes e Lavadoiros en Boallo
2. Fontes e Lavadoiros en Romar
3. Fonte Milagreira en Sta Cristina
4. Fonte en Grixoa

FORNOS

Os Fornos:

Fornos Grandes - Fornos Pequenos

Dous fornos na propia casa-vivenda

1. O Forno Da Casa Da Gaia
2. *O Forno Da Casa Vella Da Sarrama,*
3. Fornos Da Casa Da Rata
   a. Bombo do forno da casa da Rata
4. *Bombo Exterior Do Forno Do Centinela*
5. Bombo Exterior Do Forno De Sonia
6. Bombo Exterior Do Forno Da Casa Do Patín
7. Dous Fornos Da Casa Do Chibarra
8. Forno Do Pazo De Boallo
   a. Bombo exterior do Forno do Pazo
9. Forno Da Casa Da Capacha. Grixoa
10. *Forno Da Casa Do Carmelo.Berdoias*
11. Forno Da Casa Do Agro.Casanova

>>Indice Georreferenciado

LACENAS DAS ABELLAS

1. Lacenas en Boallo
2. Lacenas en Sta Cristina
3. Romar
4. Berdoias
5. Grixoa
6. Pedra do Frade

MUIÑOS

Os Muíños.

1. *Muíño Do Chivarra En Berdoias*
2. *Muíño Do Gandiño En Berdoias*
3. Muíño De Regato Na Casanova
4. Muíño Circular De Man, Da Vilara

OS PASOS, OS CAMIÑOS, PONTES, PORTELAS, PASADOIROS, POXADOS

Os camiños, os cercados, as pontes.

1. Tramo da Via Mariana. Berdoias
2. Cº das Carreixas. Berdoias
3. Calzada do Pazo. Boallo
4. Camiños en Grixoa
5. A Ponte do Va Pedroso
6. Pontella das Carreixas; e Pontella do Va Fondelo

Portelas, portais, pasadoiros, portelos, poxados.

1. Pasaduiro de Escada.Va Pedroso. Boallo-Berdoias
2. Os Portelos no Camiño da Misa, De Grixoa-Berdoias
3. Pasaduiro da Pedra do Frade
4. Poxados do rio Castro (As Poldras)

POMBAIS

1. O Pombal Do Carmelo En Berdoias
2. Pombal De Sonia En Boallo

DA PREHISTORIA

Os Petróglifos

1. Petroglifos do Recosto.Boallo
2. Petroglifos de Pedra Mosquera
3. Petroglifos do Pedrouzo 1. Berdoias
4. Petroglifos de Pedrouzo 2

A Casota e a Mámoa de Freáns

1. Casota de Freáns
2. Mámoa de Freáns

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

ALVARIZAS



INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

ALVARIZAS

Despois das referencias feitas ós antigos apiarios da parroquia como son as denominadas lacenas de abellas que, aínda hoxe, nun total de 99, se conservan en paredes de moitas casas–vivenda, cortes, cabaneis,cabanas... dos lugares de Berdoias, imos facer mención agora a outro tipo de construcíons de cría e habitación de abellas como son as alvarizas.

As alvarizas, ó contrario que as lacenas, son construcóns a ceo aberto, cerradas ou abertas, que acollen e protexen un conxunto de colmeas de abellas.

As alvarizas son dos elementos patrimoniais máis dificultosos de atopar, porque cada vez quedan menos informantes que poidan dar cadra precisa da súa existencia. E ademais o feito de se atoparen máis ou menos lonxe da casa, de levaren moito tempo sin ser utilizadas, presas do abandono e da vexetación, fan máis difícil aínda a súa localización exacta.

Sabemos de alvarizas, hoxe desaparecidas, preto dos lugares de Berdoias, A Casanova, e na Pedra do Frade. Igualmente estamos pendientes de poder confirmar e localizar outras en Boallo, polo que deixamos aberto o inventario sobre este elemento patrimonial.

Velaquí, fotografias de 5 exemplares:

- A ALVARIZA DO GANDIÑO en Berdoias, está localizada moi preto do lugar, nunha estrema dunha finca agrícola , e a carón da Vía Mariana Luso Galaica. É unha pequena construción cerrada, de paredes baixas, e de planta ovalada. Arredor dos seus muros de cachotería, polo interior parte unha cuberta de lousas de granito apoiadas sobre outras laxes verticais, facendo unha sucesión de marquesiñas de pedra onde ían colocados e protexidos os trobos das abellas de formas cuadrangulares e de madeira, como aínda se poden apreciar na fotografía antiga que aportamos. Na actualidade, o estado de conservación da construción non é bo.

Alvariza do Gandiño

Alvariza lineal, do Varelo, en Grixoa

INDICE

- A ALVARIZA DO VARELO, en Grixoa, localizada na horta que está a carón da casa, en plena Vía Mariana, é unha pequena construción aberta, lineal, unha tipoloxía propia da Terra de Soneira, Bergantiños, e Xallas. Dun valado de pedra que lle serve de proteción polo posterior, parte unha cuberta de lousas, e con divisións dos espazos cubertos mediante laxes verticais. Precisamente nesta especie de marquesiñas de pedra é onde se instalarían, protexidas, as colmeas de madeira.

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

- AS DÚAS ALVARIZAS DE FRANCISCO, en Boallo, construcións ubicadas nun monte, preto do lugar e da ponte do Vao Pedroso, e mesmo a carón da Vía Mariana Luso-Galaica. Unha das dúas alvarizas é cerrada, de planta cadrada, e só conserva en bo estado o seu muro perimetral. A outra alvariza é aberta, de planta en L, e que aínda mantén boa parte das marquesiñas de pedra, esa sucesión de espazos cubertos por laxes pousadas en cepas verticais, e que daban acobillo e proteción ás colmeas.

INDICE

Alvariza en L, de Francisco, en Boallo

Alvariza cadrada, de Francisco, en Boallo

- UNHA ALVARIZA EN BOALLO, nunha estrema dunha finca privada que limita coa Vía Mariana. É tamén unha construción aberta, e de planta en L. Na actualidade, en deficiente estado de conservación, pero que aínda se poden apreciar a súa forma e algunhas marquesiñas onde se instalaban as colmeas.

Alvariza en L, en Boallo

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

OS CABAZOS

OS 99 CABAZOS DA PARROQUIA DE BERDOIAS (I)

Paisaxe de cabazos en Grixoa, da variedade soneirá

Para os estudosos, o cabazo, que está plena e fermosamente integrado na nosa paisaxe, é a construción complementaria máis coñecida e emblemática da casa-vivenda. Un graneiro especializado, perfectamente deseñado para conservar o millo, secalo e gardalo.

Na parroquia localizáronse 99 cabazos, case na súa totalidade de pedra de granito e sobre pés (só hai cinco de ladrillo, e non chega a unha ducia aqueles carentes de pés, entre os que se inclúen o pequeno grupo singular dos cabazos "sen elevación", coa cámara a rentes do chan).
A súa distribución por lugares quedaría como segue: Berdoias, 28 cabazos; Grixoa, 14; Romar, 13; A Bouza, 12; Boallo, 10; Santa Cristiña, 7; Pedra do Frade, 5; Rego dos Podres, 4; O Petón, 3; A Casanova, 3.

INDICE

Integrados na Terra de Soneira e na Costa da Morte, máis do 85% dos cabazos de Berdoias son do tipo ARCO FISTERRÁN, ou tamén denominados do tipo ATÁNTICO ou FISTERRÁN, e que se caracterizan por:

- Seren unhas construcións integramente de pedra (agás portas e teitos).
- Posuíren unhas cámaras de planta rectangular, estreitas, máis ou menos longas e asentadas sobre un número indeterminado de parellas de pés de formas diversas, e coroados estes con cadansúa capa ou tornarratos de forma circular.
- E teren as doelas (bloques de pedra que conforman as paredes) e as físgoas (ventos) das cámaras dispostas horizontalmente polos catro lados: nos costais ou lados longos, e nos penais ou lados estreitos.

A gran maioría destes cabazos do tipo arco fisterrán de Berdoias pertencen ás variedades «rústica» e, sobre todo, á «soneira». Tan só hai unha moi pequena porcentaxe dos de cantaría (variedade «carnota»), e doutras.
Os cabazos da variedade RÚSTICA, posiblemente dos máis vellos, construídos de forma ruda:

- Teñen uns pés grosos, algo redondeados, ás veces simples postes, moi pouco desbastados, asentados directamente no chan ou sobre repisas pouco elevadas; con capas de forma máis ou menos planas e máis ou menos circulares;
- Posúen cámaras moi bastas, sostidas por laxes que van de capa a capa (chamadas «pontes»nos lados costais e «testas» nos lados penais), sobre as que se van superpoñendo cachotes irregulares de pedra moi pouco labrados, e sendo os ventos os buratos resultantes da superposición desas pedras.
- Non adoitan levar pinches ou son moi elementais, nin adoitan rematar con lampións ornamentais.

Cabazos na Bouza, do tipo Arco Fisterrán, da variedade rústica. Gravado por Fernando do Coto

Video: **Os cabazos vellos da variedade SONEIRA, abundantes na parroquia**:

- Teñen os pés grosos e aínda de pouca altura, que xa foron adquirindo a forma troncocónica, e con capas circulares convexas.
- As cámaras herméticas teñen como base unhas longas trabes, as pontes, que se apoian nos tornarratos. Sobre ela dispóñense as ringleiras de doelas, bloques de pedra pouco labrados, pero xa máis traballados que nos rústicos. E como característica propia e exclusiva, diferente das outras variedades, os cabazos soneiráns carecen a miúdo das pontes penais, as testas das partes estreitas.
- Nestes penais as ringleiras de pedra adoitan rematar nunhas pezas triangulares, que son os pinches.
- Moitos destes cabazos soneiráns non teñen remates ornamentais e, de telos, redúcense a pináculo e cruz.

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

Vellos cabazos en Boallo, do tipo Arco Fisterrán, e da variedade soneira- rústica

Os cabazos novos da variedade SONEIRA xa teñen, a maior parte, pés troncónicos máis longos, máis estlizados e esveltos; con tornarratos e con capas tamén troncocónicas e delgadas. A cámara ten aspecto hermético, de doelas de diferentes tamaños e superpostas, sen apenas facerse desbastes entre as unhas e as outras para a aireación.

Cabazo de cantería en Berdoias, do tipo Arco Fisterrán, variedade carnota.

Pequeno cabazo en Boallo, do tipo Arco Fisterrán, variedade soneira

E dentro dos cabazos novos cómpre mencionar tamén os de cantaría (da variedade CARNOTA) que na parroquia non chegan a un 10%, cunha cámara construída con doelas regulares, de iguais dimensións, puídas previamente, perfectamente talladas e encaixadas; con físgoas ou ventos colocadas dun xeito tamén regular; con pés prismáticos, cilíndricos, ou incluso troncocónicos nos máis antigos; e con capas de forma de roda ou troncocónicas.

Por outro lado, os modernos exemplares de cabazos de albanelería (de cemento e ladrillo) son un número ínfimo dentro do conxunto da parroquia. O mesmo que os cabazos “sen elevación” ou sobre celeiro.

Bibliografía:

As tipoloxía dos cabazos e as súas características son froitos das consultas das publicacións:

- ”O hórreo atlántico ou fisterrán” (2010), da autoría de Xosé María Lema e Carlos Fernández.
- “O Atlas de Hórreos de Galicia” (2017), da autoría de Carlos Regueira.

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

CONSTRUCIÓNS DE ALMACENAMENTO DO GRAN:
CABAZOS VELLOS, CABAZOS NOVOS. CABAZOS PEQUENOS, CABAZOS LONGOS…



INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

Entre os estudosos hai coincidencia xeral en subliñar a harmonía dos cabazos coa paisaxe. Mesmo, Xosé María Lema ten manifestado que: "A simple presenza dun cabazo fainos recoñecer unha paisaxe rural galega". E tal acontece cando recorremos a parroquia de Berdoias, un territorio de case 100 cabazos.

Calquera camiñante ten a oportunidade de apreciar a presencia e a compaña destas arquitecturas denominadas atlánticas ou de arco fisterrán, de diferentes idades: máis novas ou máis vellas; de diferentes formas e solucións construtivas, con predominio da variedade soneira; de emprazamentos: cabazos a rentes do chan,ou sobre repisas…; de variadas dimensións: desde os máis pequenos con tres parellas de pés, ata os máis longos de dez – aínda que máis do 50 % dos cabazos da parroquia oscilan entre 5, 6 ou 7 parellas de pés.

Velaquí exemplares de atlánticos ou de arco fisterrán:

1**.- Vello cabazo en Grixoa**, de oito pares de pés, da variedade de soneira rústica, cos seus pés curtos e grosos, pouco debastados, o mesmo que as súas capas convexas. Sen testas nas partes estreitas, ten unha cámara conformada por ringleiras de pedras irregulares, moi pouco labradas.

En Grixoa, da variedade soneira rústica

2.- **Pequeno e vello cabazo en Grixoa**, da variedade soneira, cos tres pares de pés, grosos e moi curtos, directamente apoiados no chan. Cunha cámara hermética, cos ventos moi estreitos, e con pontes nos lados longos, esas laxes sobre as que se apoian ringleiras de doelas de diferentes tamaños, pero xa máis traballadas cás dos cabazos rústicos. Non ten pontes testeiras nas partes estreitas, unha caracteristica exclusiva desta variedade soneira. Non rematan con ornamentos.

En Grixoa, da variedade soneira

1. **Cabazos en Boallo e Romar**, os máis longos da parroquia, de dez pares de pés. Son os dous da variedade soneira e nos que se poden apreciar diversas solucións construtivas: Cabazos en Boallo e Romar, os máis longos da parroquia

Cabazo en Romar

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

2. **Dous cabazos novos en Berdoias**, dos poucos exemplares de cantería que hai na parroquia. Son cabazos atlánticos, da denominada variedade carnota. Cos pés esveltos: troncocónicos, nun deles, e prismáticos, no outro. Capas en roda, nun , e troncocónicas, no outro. Destacan polas súas cámaras de doelas ben puídas, de iguais dimensións, ben encaixadas entre elas, e con físgoas ou ventos perfectamente regulares. E, característico nesta variedade, rematan con ornamentos: unha cruz e un pináculo.

[Cabazos novos en Berdoias de cantería da variedade Carnota]

INDICE

Cabazo da Casa de Lema

Cabazos da Bouza

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

AS CASAS-VIVENDA

Tesouros de Berdoias

Tesouros de Berdoias (XXIV): As vellas Casas-Vivenda (I): A Casa Grande de Alonso de Lema II e o Pazo de Martiño de Castiñeira

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

AS VELLAS CASAS-VIVENDA (I);

A CASA GRANDE DE ALONSO DE LEMA II

A Casa Grande de Alonso de Lema II en Berdoias, de principios do XVII, e o Pazo de Boallo do seu fillo Martiño de Castiñeira, de mediados do XVII, son dúas antigas casas fidalgas que resultan ser as casas- vivenda máis emblemáticas da parroquia.

A Casa Grande de Alonso de Lema II

Casa Grande de Alonso de Lema II, en Berdoias
Integrada dentro do núcleo do lugar de Berdoias, é unha casa-vivenda rectangular, de case 13 m de longo, e que consta de planta terrea e sobrado. Sin cheminea (o fume saía por entre as tellas dun teito que era a tres augas).
Ten unha fachada de cantería con pezas de gran tamaño na súa maior parte, dispostas un tanto irregularmente. E na súa parte central, unha porta alintelada cunha inscrición de quen fixo a casa e a data: Alonso de Lema II en 1607.
No mesmo lintel, completando a inscrición, aparecen os gravados dunha palma e dunha espada, emblemas do "Santo Oficio da Inquisición" da que Alonso de Lema II figurou como "comisario". Precisamente, cun dos seus informes, evitou a morte das " 6 bruxas de Carantoña" e permitíu a súa liberación. (1)

Inscrición no lintel da porta da Casa Grande de Alonso de Lema

Esta Casa Grande de Berdoias ten como construcións adxectivas:
no lado norte, unha dependencia adosada, duns 12 m de longo, dedicada no seu día a corte para o gando, e que ten unha interesante porta tamén alintelada- un lintel sobre machóns. E mesmo a continuación, mais ó norte, a boa feitura de muros, xunto cun amplo portal e un alto paredón que cercan unha finca, son indicativos dunha posible vinculación, noutras épocas, coa propia Casa.
No lado sur, conserva o **chan da eira**. E no leste, na finca posterior da Casa, atópase o **cabazo**.

*(1) Berdoias garda memoria sobre a Inquisición, a través desta copla popular que, transmitida polas vellas e vellos, chega a nós pola veciña e cantareira Carme da Gelfa:
”A Santa Inquisición murríu /
vai cos demos no inferno, /
os demonios tan contentos /
teñen leña pró inverno".

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

Casa de Alonso de Lema II (parte posterior)

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

O PAZO DE MARTIÑO DE CASTIÑEIRA

O PAZO DE BOALLO. Casa de Martiño de Castiñeira, de mediados do XVII

O Pazo de Boallo (ala loeste)

Encadrado na aldea de Boallo, foi unha espléndida casa fidalga de pedra, de 18 m de lonxitude, que se atopa practicamente en ruínas, seguen en pé as paredes de cachotería e de cantería de tamaño irregular.

Na fachada oeste, quedan os restos dunha escaleira de pedra que conduce a un patín cuberto, e que daría acceso ó sobrado.

Na parte posterior do edificio (lado leste) tamén queda unha escaleira de pedra de dous tramos que remata nunha solaina co teito apoiado en 5 columnas.

Escaleira e solaina no pazo de Boallo (ala leste)

Na parede norte, sobre parte dun sobrado de grandes lousas de pedra, aínda seguen en pé os restos dunha espléndida cheminea, e dun forno, o máis grande dos da parroquia, con cheminea propia. O bombo cuadrangular deste forno sobresae ó exterior sobre tres columnas (hoxe, quédanlle só dúas).

Cheminea grande do pazo, e forno con cheminea propia

Boca e bóveda do forno

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

Bombo exterior do forno do pazo de Boallo

Na contorna do pazo aínda se conservan unha boa mostra doutras construcións adxectivas:
A carón da fachada principal, no lado oeste, permanecen restos da calzada que discorre cara fóra do lugar; no pinchón sur, leva adosado o edificio dunha tulla; e na extensa finca, no leste do pazo: unha eira, un pozo e un lavadoiro, dous vellos cabazos atlánticos- soneiráns, e os restos dunha capela e dun cruceiro…

Vellos cabazos soneiráns do pazo de Boallo

Capela de San Roque e cruceiro, do pazo de Boallo

Desde a segunda metade do século XVI deica finais do século XIX a longa saga fidalga dos Lema señoreou os coutos de Berdoias e Boallo, e incluso os coutos das Edreiras (Zas) e Soesto (Laxe). Despois, as rendas destes territorios remataron sendo outorgadas, no 1887, ós Blanco Rajoy.

(Boa parte destes contidos e das fotografías, proceden do traballo de campo “Inventario do Patrimonio Etnográfico” feito por Xosé María Lema, Roberto Mouzo, e Moncho Gándara no ano 1993, para a Xunta de Galicia.)

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

As casas-vivenda no lugar de Berdoias

Paisaxe urbana de Berdoias-Foto de Noelia Pose

Berdoias ten hoxe **45 casas-vivenda,** aínda que delas permanecen habitadas, na actualidade, tan só 22.
Preto dun 85% destas casas son de pedra que, si as sumamos ás súas construcións adxectivas (28 cabazos, 8 eiras, 18 fornos, 18 lacenas das abellas, 7 muíños… etc) fan deste lugar toda unha rica e variada mostra da arquitectura popular tradicional.
Quedan exemplares de vellas casas-vivenda que xa se atopan nun estado máis ou menos ruínoso, como:
- **A Casa Grande de Alonso de Lema II**, datada de 1607, que ten problemas de cuberta, pero que aínda conserva todos os muros exteriores; e tamén construcións anexas: a dependencia, noutrora, destinada a corte do gando; o chan da eira e o cabazo.

As casas da Rata e das Ribeiras, das que tan só se manteñen "en pé" os restos dalgúns muros, a piques de caer. Quedan como tesouros das dúas, algunhas das construcións complementarias: os seus cabazos, os pozos, e os fornos; e a carón da da Rata consérvanse rehabilitadas, unha eira e unha cabana.
Casa das Rebeiras, hoxe en ruínas (Fotografía de Tino do Coto)

INDICE

A casa do Patín (ou do Gandiño) que perdeu a cuberta a comezos dos anos 80 a causa dun incendio, pero que aínda mantén en pé os seus muros exteriores. É unha construción con dous teitos a dúas augas, compartindo un desaugadoiro central de pedra. Un dos elementos máis singulares desta casa, ó longo da súa fachada norte, é unha escaleira cun patín, noutrora pechado polos laterais e cuberto, que daba acceso ó sobrado.
Na dependencia destinada a cociña aínda ten a lareira, cunha cheminea de considerables dimensións e xunto cun forno moi ben conservado...
Nunha das paredes do sobrado perdura tamén unha lareira con cheminea, para calefacción.

Fachada norte da Casa do Patín

Lareira e cheminea da Casa do Patín

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

Pero **en Berdoias tamén quedan exemplares de vellas casa-vivenda aceptablemente conservadas ou rehabilitadas**, como a casa nova das Rebeiras, a da Canleira, a do Mariano, a casa da Sarrama, a do Chibarra, a do Carolo, ou mesmo a Casa do Carmelo, de 1852, que segue lucindo unha fachada remozada, e que conserva no seu interior unha lareira cunhan ampla e monumental cheminea; e unha tulla, dependencia enteiramente de pedra onde se gardaba o gran: trigo, centeo, avea…

Vella casa da Sarrama

Casas do Mariano e do Cotorro

INDICE

Fachada da casa do Carmelo

*(Boa parte da documentación deste texto procede do traballo de campo" Inventario do Patrimonio Etnográfico sobre o concello de Vimianzo" feito en 1993 por Xosé María Lema, Roberto Mouzo e Moncho Gándara.)

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

CONSTRUCCIÓNS DE RELIXIOSIDADE

IGREXA PARROQUIAL DE BERDOIAS E O CRUCEIRO DO ADRO (I)Igrexa de Berdoias

Fachada da Igrexa parroquial de Berdoias

A construción de finalidade relixiosa máis emblemática é a igrexa de Berdoias que, a partir do século XVII, sustituíu á antiga igrexa parroquial, hoxe desaparecida, situada daquela no lugar de Grixoa.

Consta esta igrexa de Berdoias dunha nave de planta de salón que comunica coa capela maior, cadrada, mediante un arco campanel sobre piares.

Esta capela está cuberta por unha bóveda de cruzaría nervada e estrelada, con cinco claves. Precisamente na clave central figura o anagrama co nome de Alonso de Lema II, o fidalgo que mandou construír a capala maior en 1617, tal como aparece tamén nunha inscrición dun muro exterior.

A fachada da igrexa, edificada a mediados do século XIX, está presidida, enriba da porta, por unha escultura pétrea de San Pedro, o patrón da parroquia, e sobre todo por unha esvelta torre-campanario, de tipoloxía barroca, rematada por un tambor octogonal e unha lanterna.

Interior, capela maior igrexa de Berdoias

(Foto: Xosé María Lema Suárez)

Bóveda capela maior de Berdoias (Foto Xosé María Lema Suárez)



INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

Clave central bóveda capela maior igrexa Berdoias. Foto Xosé María Lema Suárez

Inscrición no exterior capela maior
(Foto. Xosé María Lema Suárez)

O cruceiro procesional do Adro

Situado, fronte a fachada da igrexa, na zona oeste do adro. Ten unha plataforma cuadrangular de tres banzos, un pequeno pedestal e un pousadoiro a carón.

No seu varal octogonal ten esculpida en relevo unha figura de S. Pedro.O cruceiro remata nunha cruz con figuras primitivistas: dun Cristo crucificado e dunha Piedade. O século XVIII é a posible datación do cruceiro.

Anverso e reverso da cruz do cruceiro do adro de Berdoitas
(Foto: Roberto Mouzo)

INDICE

Esculturas pétreas de San Pedro, no cruceiro e na fachada da igrexa

Dos traballos de investigación de Xosé María Lema, presidente do Seminario de Estudos Comarcais, proceden datos deste texto, así como fotografías cedidas relativas a detalles da igrexa e cruceiro.

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

ERMIDAS. CAPELAS, CRUCES, CRUCEIROS DA PARROQUIA DE BERDOIAS

- **A ERMIDA DE SANTA CRISTIÑA,** en Sta. Cristiña, que se compón dunha pequena nave rectangular e unha capela maior de planta cadrada,. Ten unha fachada de esquema pentagonal e que remata nunha pequena espadana que alberga unha campá procedente, tal como constatou o camariñán Xosé Troiano, do vapor ingles Priam, que naufragou en. 1889 polas illas Sisargas. Esta pequena ermida, a carón dos montes do Faro e de Ogas, ten pretiño unha fonte milagreira, e o seu culto está vinculado ó mundo agrario.

Precisamente, a caron do seu altar hai un oco con terra sagrada que, mediante a realización de determinado rito, é benéfica para os partos e para unhas boas crianazas.

Ermida de Santa Cristiña

Furna con Terra da fertilidade, a carón do altar da ermida

Fonte milagreira de Sta. Cristiña

Detalle da campá da ermida

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

- **A CAPELA DE SAN ROQUE E O CRUCEIRO**, en Boallo, son dúas pequenas arquitecturas, hoxe en estado ruínoso e de abandono, vinculadas ao pazo de Boallo, construído a mediados do século XVII. Da capeliña tan só quedan as paredes. Do cruceiro, unha plataforma escalonada de catro banzos,sobre o que se conserva só o varal: cuadrangular na súa parte baixa, e cilíndrico e acanalado no resto onde hai esculpida unha figura non identificada. Cabe a posibilidade de que a imaxe represente a do bispo San Ildefonso ou mesmo a de San Martiño, xa que calquera dos dous teñen nomes que aparecen na liñaxe desta casa dos Lema de Berdoias.

[Varal do cruceiro do pazo de Boallo]

[Capela de San Roque e Cruceiro, en Boallo]

AS CRUCES DE PEDRA DO FRADE: unha delas, coa plataforma dun penedo natural, ten como lenda asociada a dun monxe devorado por lobos neste lugar, cando ía de camiño polo monte cara o mosteiro de Moraime.

Segundo a tradición popular, este cruceiro fíxose na honra dun frade que se refuxiou infrutuosamente no alto da pedra que se ve na imaxe para evita-lo ataque dos lobos, pero alí foi devorado e sinalouse o lugar cunha cruz que da nome a unha pequena aldea cercana (a cal tamén ten un cruceiro). Atópase ao pe do percorrido da Vía Mariana

[Cruz da Pedra do Frade]

[Cruz no lugar da Pedra do Frade]

A outra das cruces, está situada nunha encrucillada en pleno lugar de Pedra do Frade.

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

A CRUZ DE GRIXOA, coñecida como a Cruz do Varelo, á saída do lugar de Grixoa, no inicio do camiño que conducía ata a vella igrexa parroquial, hoxe desaparecida, e que ata o século XVII estaba en Grixoa (precisamente o nome de Grixoa vén de "igrexa").

Cruz de Grixoa ou do Varelo, en Grixoa

Cruz de desgraza, nunha parede, camiño de Sta. Cristiña.

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

CURROS

CONSTRUCIÓNS DE CRÍA E HABITACIÓN DE ANIMAIS:

O CURRO DE SANTA CRISTIÑA

Un curro é un espazo ó ar libre cercado por muros de cachotería en seco, de altura variable, un espazo de forma irregular, e onde se gardaban e protexían os rabaños de gando do monte durante a noite. Para estas construcións buscábanse chans resgardados e de certa pendente para facilitar as escorrentías da auga e dos excrementos dos animais.

E tal como así, o curro de Santa Cristiña, ese fermoso cercado, duns seis ferrados de extensión, pechado cun valado de "pedra seca", loce desde hai séculos no monte que está a carón do lugar. Un espazo de longa historia , xa citado no século XVI polos condes de Altamira, curro onde se gardaba o gando ceibo que andaba polo monte.

Do noso libro de cabeceira: "O CASTELO DE VIMIANZO E OS MOSCOSO DE ALTAMIRA" (Diputación da Coruña 1998, da autoría de Xosé M.ª Lema Suárez e do finado Roberto Mouzo Lavandeira) extraemos foto e este parágrafo completo, das paxs. 48 e 49:

Un documento de 1592 (na época de don Lopo de Moscoso Osorio, V conde de Altamira), danos a coñecer con detalle as obrigas que os vasalos de cada unha das parroquias da xurisdicción de Vimianzo tiñan co señor ó que pertencían as súas vidas e facendas. Esta era unha delas:
… "LEVAR O GANDO CEIBO QUE ANDABA POLOS MONTES ÓS CURROS QUE TIÑA O CONDE EN SANTA CRISTIÑA (BERDOIAS) E CAMELLE, E ALÍ GARDALO".
O curro, visto desde a entrada do lugar

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

Mapa de localización do curro de Sta. Cristiña

O Curro, desde a eira do Camaño

INDICE

Curro de Sta. Cristiña

O curro, visto desde a entrada do lugar

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

UNHA PARROQUIA DE 35 EIRAS



A piques de rematar o traballo de campo sobre o Patrimonio Material, recopiláronse en toda a parroquia un total de 35 EIRAS que, numericamente, por lugares, quedan como segue: Berdoias 8 eiras, Romar 5, Boallo 5, Grixoa 4, A Casanova 4, Pedra do Frade 3, Sta. Cristiña 3, O Rego dos Podres 2 e O Petón 1.
Consérvanse dúas eiras terreas e veciñais (unha en Grixoa e outra na Casanova) pero a gran maioría das da parroquia son eiras empedradas e privadas, de formas: cuadrangulares, circulares, ou mixtas.

Casi todas son de chans enlousados e mesmo en tres eiras, nun exemplo de adaptación ó medio, proveñen de terreos rochosos, aplanados in situ (a eira de Rúa na Casanova, a da Gaia na Pedra do Frade, e a do Varelo en Grixoa).
Os bordos perimetrais de moitas das eiras son sólidos- con máis de 1 m de altura e máis de 0,50 m de ancho- e están compostos por valados de cachotería, completados con lousas en parte da súa cara interior, ou combinados, nalgúns casos, con tramos de antas chantadas no chan.

INDICE

Dentro das 35 eiras, aínda que hai unhas oito que están incompletas e mais tres moi modificadas, chama poderosamente a atención o máis que aceptable estado de conservación da maioría delas, que aínda seguen a ser protagonistas de espazos máxicos, singulares e únicos. Os parabéns ós veciños e veciñas da parroquia de Berdoias están máis que xustificados.

Eira Circular do Vilar, en Grixoa.

Eira mixta da Vilara, en Sta Cristiña

Eira circular da casa do Rego, no Rego dos Podres

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

O Lugar de Berdoias

Mapa das eiras do lugar de Berdoias

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

A Eira da Rata . Berdoias

Mostra do Patrimonio Material da parroquia de Berdoias: Construcións de transformación do gran: As Eiras

Hoxe, aquí, queremos comezar por eses espazos arquitectónicos complementarios das casas-vivenda rurais que son AS EIRAS. Esas construcións de transformación do gran que, noutros tempos, centralizaron o traballo campesiño de cada verán coas mallas do trigo, do centeo, da avea… A eira e os labores de separar o grao da palla na malla, importancia socioeconómica a parte, foron motivo de inspiración dunha rica cultura popular: literaria, musical, artística... No resto do ano as eiras tiveron outros moitos usos: para secar as castañas, secar e debullar as fabas, legumes, para esfollar o millo, secar a roupa. Incluso para os xogos infantís… Pero foron esmorecendo dun xeito acelerado ó longo da segunda mitade do século XX porque a mecanización, os progresivos cambios nos cultivos, as necesidades de novos espazos , e outros cambios inspirados na industrialización do mundo do agro, contribuíron en gran mediada á súa desaparición en moitos lugares.

Non entanto, hoxe, neste traballo lévanse censadas na parroquia de Berdoias unhas 36, un feito que a converte nunha auténtica reserva de eiras, e cun número apreciable delas en aceptable estado de conservación., tanto nos seus chans empedrados coma nos seus valados perimetrais.

Velaí vai esta primeira xoia: A Eira da Rata

Ubicada no interior do núcleo de Berdoias, a poucos metros da Vía Mariana e da antiga escola, hoxe “Casa de Acollida” ó camiñante que atende a Asociación Parroquial de Berdoias, é un espazo e unha paisaxe máxica: coa EIRA, construción enlousada para a transformación do gran e bordo perimetral ben conservado; coa CABANA, construción para almacenar trigo, centeo, avea ...; e co CABAZO, construción para conservar e almacenar o millo. Tres arquitecturas do pan, todas elas amantes de espazos solleiros e ventosos.

Velaquí tamén, **dúas fotografías da eira: Unha de antes, sen rehabilitar; outra de agora, xa rehabilitada**.

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

A Eira do Carmelo, en Berdoias

Eira do Carmelo, con pombal e cabazo

A carón da Casa de Acollida ó Camiñante, na parte alta, ventosa e solleira, do lugar de Berdoias, atópase ubicado un conxunto dun pombal, un cabazo e unha eira.

Un pombal cilíndrico e de teito de ferradura, un cabazo atlántico de cantería, e a eira do Carmelo. Esta eira do Carmelo é un espazo arquitectónico, parte cuadrangular e parte circular, perfectamente empedrado, cun chan de lousas rectangulares, moi regulares en tamaño.

Ten de bordo un sólido cercado con tramos de alturas que oscilan entre 1,10 m e 1,25 m, e un ancho de 0,70 m, bastante ben conservado. Este muro perimetral está cuberto pola cara interior que dá á eira con lousas de diversos tamaños, e acompañado de cachotería en todo o resto.

Un muro compacto non só era apto para protexer o froito senón tamén para facer a malla do trigo, do centeo e das aveas co pisar das bestas.

Eira do Carmelo, co chan e a cara interior do bordo, enlousadas

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

O Lugar de Boallo

Mapa de Eiras de Boallo

Boallo é o lugar máis occidental da parroquia, limita co concello de Muxía, e acompaña moi pretiño pola esquerda o remate do tramo da Vía Mariana que discorre dentro dos lindes do concello de Vimianzo, e que se dirixe cara Muxía.

Neste pequeno lugar pode apreciarse unha grande e variada riqueza patrimonial: desde vellas casas-vivenda rurais; pasando por fermosos e singulares exemplares de arquitecturas do pan: eiras,cabazos muíños, fornos…; de construcións de habitación e cría de animais coma lacenas das abellas, alvarizas pombais…; arquitecturas da auga coma fonte, pozos, lavadoiros; de relixiosidade: cruceiro e capela; ata mesmo fermosas arquitecturas do territorio coma pontes, pontellas poxados, valados de pedra, calzada, camiños coma ou o tramo que corresponde á Vía Mariana... etc .

Eira do Farruquiño, en Boallo.

A Eira do Farruquiño no lugar de Boallo

No que repecta ás diversas construcións de transformación do gran, en Boallo podemos citar, entre as eiras do lugar (a do Centinela, a de Francisco, a do Pazo, a de Gándara), e A EIRA DO FARRUQUIÑO, un espazo arquitectónico rehabilitado, formando un todo: fisicamente unida á casa –vivenda, ó cabanel e á cabana, caso diferente da maioría das eiras da parroquia, que adoitan ubicarse preto das casas pero en espazos separados e independentes delas.

Esta eira do Farruquiño, de pequenas dimensións, ten o chan enlousado e cun bordo sólido de cachotería de 1,20 m de altura.

Moi pretiño dela, algo moi habitual nestes casos, a compañía de vellos cabazos atlánticos ou fisterráns.

INDICE

Dúas lacenas de abellas, na cabana, a carón da Eira

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

O Lugar de Sores. Mapa das Eiras en Sores

A Eira do Sores, en Romar

A Eira do Sores, en Romar
A carón da estrada que vai de O Petón cara Berdoias, tramo coincidente co da Vía Mariana, mesmo na entrada do lugar de Romar á dereita, atópase todo un conxunto harmonioso de arquitecturas do pan: cabana, eira, e cabazos.

A eira do Sores, que loce no centro do cadro, é unha construción de transformación de gran; un espazo arquitectónico de pedra, de forma mixta, é dicir, parte cuadrangular, e parte circular.
Ten un espléndido chan empedrado de longas lousas e un bordo perimetral de cachotería, ben conservados. Conta a familia de que antes do chan enlousado actual foi, hai moitos anos xa, unha eira terrea, co chan de terra compactada… Tamén, tempo atrás, as mallas do trigo, centeo e avea se facían nesta eira aproveitando o pisar das bestas que, para este traballo, eran baixadas dos montes do Cabral.

Completando conxunto con esta eira do Sores está a cabana, que era a construción de almacenamento do trigo, do centeo, e da avea; e están tamén no seu arredor cinco cabazos para almacenar o millo: os catro máis vellos, de pedra; e outro máis novo, xa de ladrillo.

Velaquí tres fotografías: unha, da eira do Sores conformando un conxunto harmonioso coa cabana e cos cabazos; e outra, da propia eira cun chan e cun bordo esplendidamente conservados. E unha terceira, un mapa de eiras de Romar.

Eira do Sores, co chan e bordo ben conservados

Conxunto da Eira do Sores, coa Cabana, e cos Cabazos.

.

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

LUGAR DA CASANOVA

Mapa das Eiras no Lugar da Casanova

A Eira de Rúa no lugar da Casanova

A Eira de Rúa, no lugar de Casanova

Foto da Eira de Rúa

A Casanova é un pequeño lugar da parroquia, ubicado moi pretiño da Vía Mariana Luso-Galaica.
Nas súas aforas, mesmo a carón, está esta xoia: a Erira de Rúa. Unha pequena eira circular que se nos ofrece á vista tal que un “anel encantado”.
O chan, nunha perfecta adaptación ó medio no que se ubica, está feito aproveitando in situ terreos rochosos: no caso da eira de Rúa, procedente dunha soa laxe natural aplanada;
Os bordos, valados perimetrais, son de pouca altura e de cachotería. E no caso do bordo da de Rúa combina, en perfecta harmonía, un tramo de cachotería con outro tramo a base de chantos de pedra.

Velaquí un exemplo de arquitectura do pan que, por propia vontade dos seus donos, aínda perdura esplendidamente no tempo, ocupando un espazo solleiro e ventoso, porque o sol e o vento foron e son sempre imprescindibles para calquera boa eira.

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

Lugar da Pedra do Frade

Mapa das Eiras de Pedra do Frade

a Eira da Gaia na Pedra do Frade

A Eira da Gaia está na Pedra do Frade, un pequeno lugar da parroquia, ubicado moi pretiño da Vía Mariana Luso- Galaica.
Nas súas aforas, e mesmo a carón, está esta xoia: Unha pequena eira circular que se nos ofrece á vista tal que un "anel encantado".
O chan, nunha perfecta adaptación ó medio no que se ubica, está feitos aproveitando in situ o terreo rochoso: o chan da de Gaia, procedente de tres laxes naturais aplanadas.

Os bordos, valados perimetrais, son de pouca altura e de cachotería

Velaquí un exemplo de arquitectura do pan que, por propia vontade dos seus donos, aínda perdura esplendidamente no tempo, ocupando un espazo solleiro e ventoso, porque o sol e o vento foron e son sempre imprescindibles para calquera boa eira.

INDICE

Foto da Eira da Gaia

A Eira da Gaia está na Pedra do Frade

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

LUGAR de SANTA CRISTINA

Mapa das Eiras de Santa Cristiña

A Eira do Buxán, en Santa Cristiña

Santa Cristiña é un pequeno lugar de catro veciños, o máis septentrional da parroquia de Berdoias, que aínda conserva hoxe unha abundante, variada e ata singular riqueza etnográfica. E dentro dos elementos do seu patrimonio material destaca A EIRA DO BUXÁN na que, acompañada da súa cabana para gardar o gran, aínda loce un chan empedrado con lousas; e un bordo cun valado perimetral feito a base de antas chantadas verticalmente na terra lixeiramente inclinadas cara fóra, e, a súa vez, combinado e reforzado con cachotería nalgún tramo.

Pero o máis singular e impresionante desta eira circular é a súa ubicación nun espazo elevado, soleado e ventoso, que se atopa enclavado na parte central do Curro de Santa Cristiña, ese fermoso cercado, duns seis ferrados, pechado cun valado de “pedra seca”. Ese cercado de longa historia , xa citado no século XVI polos condes de Altamira, un curro onde se gardaba o gando ceibo que andaba polo monte.

Noutros tempos, nesta mesma eira do Buxán, bestas do monte participaron tamén, co seu pisar, nas mallas do trigo, do centeo e da avea, para separar o gran da palla.

A Eira do Caamaño

A Eira do Vilara

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

FONTES, POZOS, LAVADOIROS, VERTEDEIROS …



En canto a FONTES E LAVADOIROS, cómpre citar:
- A Fonte milagreira de Santa Cristiña, moi pretiño da ermida e do lugar, enteiramente de pedra, picho incluído.
- A Fonte e Lavadoiro no lugar de Boallo, a carón da estrada Berdoias-Muxía, pola súa marxe esquerda. Enteiramente de pedra, é unha fonte de cano, restaurada hai uns 40 anos. O picho verte a súa auga nun pequeno estanque que a suministra ao lavadoiro, o recipiente rectangular rodeado de lousas inclinadas para lavar. A auga resultante era utilizada para a rega dos herbales de cada veciño, segundo os turnos acordados.
- A Fonte e Lavadoiro de Romar, fonte de cano que verte sobre un estanque e comunica más abaixo cun lavadoiro que aínda conserva as lousas de pedra para lavar. A fonte e o resto do lavadoiro son de cemento desde a súa restauración e remodelación inicial feita no 1946, e a posterior, nos anos 80.

E no que respecta ós POZOS, esas cavidades circulares que adoitan ser protexidas con muros de cachotería desde o fondo deica un peitoril cilíndrico ou cadrado, podemos atopar exemplares na parroquia en diferentes emplazamentos:
- Xa dentro das casas- vivenda, ou noutras construcións complementarias , ou xa ao ár libre.
- Así mesmo podemos atopar pozos cubertos ou descubertos;
- Xa en solitario, ou xa con lavadoiro ou vertedeiro, adosados.

Velaquí fotografías de diversos exemplares en Berdoias, Grixoa e Boallo.

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

Fonte milagreira en Sta. Cristiña

Fonte e lavadoiro en Romar

Fonte e lavadoiro de Boallo

Pozos cubertos, no interior ou no exterior de vivendas, en Berdoias e Boallo

Pozo e vertedeiro nunha casa en Boallo.

Pozo e lavadoiro en Grixoa

Pozo e lavadoiro en Boallo.

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

Tesouros de Berdoias :

SESENTA E CINCO FORNOS NA PARROQUIA DE BERDOIAS

Fornos de Berdoias: Deseño de Manuel Rial

SESENTA E CINCO FORNOS NA PARROQUIA DE BERDOIAS

Como é ben sabido, o forno de cada casa rural é o lugar onde se pon fin ó longo e laborioso proceso produtivo do pan, que vai desde a sementeira ata a colleita do cereal, pasando pola malla do trigo e do centeo na eira e pola esfolla do millo, e o almacenamento dos dous primeiros cereais nas tullas ou huchas da cabana e do segundo no cabazo, e despois coa transformación pola moenda dos grans no muíño para obter fariña. O proceso final viría co amasado e a cocción do pan.

O forno é unha pequena arquitectura circular abovedada, de pedra ou combinando pedra e ladrillo, e cun diámetro interior que oscila, na maioría dos casos, entre 0,70 m e 0,90 m. Na parroquia tamén os hai de máis de 1,00 m de diámetro, chegando ata 1,50 m o máis grande.

A súa presencia estaba xeneralizada, en casi todas as casas rurais da parroquia había un forno- nalgúns casos, dous- ubicados, as máis das veces, na cociña, a carón da lareira.

Na actualidade, nos lugares da parroquia de Berdoias logramos localizar, até o día de hoxe, uns 64 fornos, que distribuídos por lugares quedarían así: Berdoias 18 fornos, Romar 11, Grixoa 8, Boallo 7, A Bouza 7, Sta Cristiña 5, Pedra do Frade 3, A Casanova 2, Rego dos Podres 2, e O Petón 1.

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS



FORNO da casa vella da Serrama, en Berdoias co seu propio sistema de defumado
>>Filmación do Forno da Sarrama . Gravado por FERNANDO DO COTO

BOCA DO FORNO da vella casa das Rebeiras

BÓVEDA DO FORNO da casa do Patín, en Berdoias
Bombo do Forno da Casa do Patin

INDICE

FORNO DO PAZO. Boallo

FORNO DA CASA DO AGRO na Casanova.

BOMBO DO FORNO da Sonia en Boallo

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

DOUS FORNOS NA PROPIA CASA- VIVENDA

Pódese dicir que en case todas as casas rurais da parroquia había un forno e que en moitas aínda se conserva, ubicado, as máis das veces, na cociña. Pero no traballo de campo que se está a facer sobre o patrimonio material de Berdoias rematou confirmándose tamén a existencia de varias casas-vivenda con dous fornos en cada unha, ubicados a carón da pedra do lar, e que se complementaban ó longo do ano para satisfacer as necesidades alimentarias dos propios usuarios. Velaquí dous exemplos de casas con parellas de fornos:

OS DOUS FORNOS DA CASA DO CHIBARRA, en Berdoias, integramente de pedra, e que deixaron de ser utilizados contra finais da década dos anos 70. >> **Vídeo dos fornos de Chibarra gravados por Laura do Chibarra**>>

Parella de fornos de Chibarra

- O Forno Grande (de 1,10 m de diámetro interior e 1,05 m de altura) para cocer cada semana o pan de broa para un numeroso grupo de xente. Había épocas do ano que entre familiares (uns 12) e xornaleiros (ata 5 ou 6) chegaban a xuntarse na casa preto de 20 personas.
- O Forno Pequeno (de 0,60 m de diámetro interior e 0,80 m de altura) destinábase, nas festas e outras celebracións…. xa para cocer o pan de trigo, facer os dóces: biscoitos, pan de ovo...; xa para empanadas, ou asar carnes. Nas épocas nas que non se utilizaba, adoitabase adicalo a lacena ocasional.

OS DOUS FORNOS DA CASA DA RATA, en Berdoias, integramente de pedra agás a bóveda de ladrillo do forno Grande, e que deixaron de ser utilizados desde 1962. Vídeo e montaxe musical de Fernando do Coto

- O Forno Grande (de 1,00 m de diámetro interior, e 1´09 m de altura) destinábase nas festas e nas diversas celebracións. para cocer o pan de trigo, para facer os dóces (biscoitos, pan de ovo…) empanadas, asar carnes…

O Forno Pequeno (de 0´70 m de diámetro interior, e 0´78 m de altura) era para cocer o pan de broa cada semana para unha familia duns 4 membros e mais de 4 a 6 xornaleiros.

Parella de fornos da casa da Rata

Parella de fornos da Rata

Bóveda do forno Grande da Casa da Rata.

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

FORNOS GRANDES - FORNOS PEQUENOS

A Asociación Parroquial de Berdoias e o Semescom levan localizados 70 fornos nos lugares da parroquia. Estas pequenas arquitecturas, complementarias das casas-vivenda, eran de composición delicada e complexa xa que a súa construción requería coñecementos, cálculos axustados, materiais axeitados, non só para o seu basamento e cimentación senón tamén, sobre todo, para a súa cámara abovedada que asegure unha óptima cocción, e mesmo para o seu bombo exterior, que teña un bo e imprescindible illamento.

Os fornos eran os protagonistas finais do pan de cada día, os lugares onde remataba o longo e labarioso proceso produtivo do millo, do trigo, do centeo...

E se foron protagonistas, xa non digamos o de testemuñas de moitas historias nacidas ou contadas noutrora a carón das lareiras.

Velaquí, os tres fornos máis grandes da parroquia:

- O FORNO DO PAZO, en Boallo, de 1,50 m de diámetro interior / e 1,10 m de altura.
- BOMBO DO FORNO DO PAZO DE BOALLO (sobre columnas, xa que se trata dun forno ubicado no primeiro andar)
- BOMBO EXTERIOR, restaurado, DO FORNO DO CENTINELA EN BOALLO (Berdoias)
- BOMBO EXTERIOR, restaurado, do FORNO de SONIA. EN BOALLO
- O FORNO DA GAIA, na Pedra do Frade, de 1,35 m de diámetro interior/ e 1,40 m de altura.
  Na Pedra do Frade, dos máis grandes da parroquia- con 1,35 m de diámetro interior, por 1,40 de altura. Hai varios centos de anos atrás foi panadería para servir o pan de trigo ó vecindario, á parroquia e á contorna. E despois de centos de anos sin funcionar xa, é un auténtico milagre o que esta reliquia, integramente de pedra, chegase ata nós, co seu propio sistema de defumado, cando as chemineas aínda non chegaran, e mesmo lucindo, a modo de viseira, esa lousa saínte e inclinada por riba da boca do forno para deter as faíscas do lume... (**Gravado por Fernando do Coto**)
- BOMBO EXTERIOR DO FORNO DA CASA DA GAIA, na PEDRA DO FRADE (Berdoias)
- O FORNO DE FRANCISCO, en Boallo, de 1,20 m de diámetro interior, e 1,20 de altura.
- O FORNO da SARRAMA, en Berdoias.
  de 0,85 m de diámetro interior por 0,85 m de altura, co seu propio sistema de defumado.
- BOMBO EXTERIOR DO FORNO DA CASA DO PATÍN. Berdoias
- BOMBO DO FORNO GRANDE DA CASA DA RATA.Berdoias.

Forno do Carmelo

E tres fornos, dos máis pequenos da parroquia:

Forno da Capacha

- O FORNO DA CAPACHA, en Grixoa, de 0,41 m de diámetro interior/ e 0,63 m de altura.
- O FORNO DA CASA DO AGRO, na Casanova, 0,58 m diámetro interior,e 0,76 m de altura.
- O FORNO DO CARMELO, en Berdoias, de 0,60 m de diámetro interior, e 0,70 m de altura.

… Que non dariamos por poder volver escoitar e interpretar as historias que naceron na lareira, a carón do pequeno e humilde forno da Capacha en Grixoa... ou as historias que naceron a carón do forno do Pazo De Boallo…

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

LACENAS DAS ABELLAS

CONSTRUCIÓNS DE CRÍA E HABITACIÓN DE ANIMAIS (I): AS LACENAS DAS ABELLAS

Poder achegarmos, con mirada atenta e curiosa, ás lacenas das abellas, esas vellas “tatuaxes” que aínda perviven nas paredes de moitas das nosas arquitecturas rurais, foi toda unha aprendizaxe. AS LACENAS das abellas veñen ser unhas pequenas construcións que permitiron desde moi antigo, e aínda permiten hoxe, que as abellas formasen parte da casa e, xa que logo, cos enxames de abellas na casa ou preto supuxo para os labregos e labregas ter a man a posibilidade de satisfaceren as súas necesidades de mel e cera. Cando os canteiros costruían as casas-vivenda, e ou outras construcións complementarias da casa coma as cortes, as cabanas, os cabaneis...etc. adoitaban construír tamén nos seu muros uns compartimentos, uns habitáculos para as abellas. Pola súa parte interior viñan ser uns ocos cuadrangulares de ata uns 60 cm de alto, entre 40 cm e 50 cm de ancho, e de fondo o que permitía o grosor da propia parede.

En Boallo, tres Lacenas de abellas nun cabanel dos carros.

A base do habitáculo, por dentro, vén ser a soleira, unha lousa que adoita sobresair ó exterior como unha repisa ou pousadoiro para as abellas. Nos laterais do interior van dúas lousas que, nalgúns casos, sobresaen polo exterior como abeiros, abrigos coa función de tornachuvias e ou torrnaventos. O oco remata pola parte superior coa tapa , outra lousa que adoita sobresair cara ó exterior coma un topete ou pestaniña coa función tamén de tornachuvias.Finalmente, todo o compartimento queda pechado polo exterior cunha lousa frontal vertical que ten na súa base a piqueira, nalgún caso màis de unha, pequeno buratiño para a entrada e saída das abellas.Unha vez rematada xa a lacena, esta adoitaba pecharse pola parte interior cunha tampa de madeira, precintada con bosta de vaca polo bordes, e que non se abría ata o momento de facer a castra das abellas: coa retirada da parte dos panais de mel e cera que correspondían.
(Nesta fermosa viaxe pola nosa apicultura, contamos coa inestimable axuda do traballo de investigación que, sobre as Lacenas da Costa da Morte, fixeron o muxián Manolo Vilar, e os fisterráns Xesús García Devesa e David García San León. Contamos tamén coas investigacións sobre a importancia do mel na Costa da Morte feitas polo porteño Rafael Lema, e a súa vez coa colaboración e asesoramento da estudosa e divulgadora do Patrmonio, a muxiá Carme Toba).

INDICE

Partes dunha lacena, polo interior

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

Partes dunha lacena, polo exterior



Tampa de madeira que pecha a lacena ata o momento da castra

En Sta Cristiña, retirando a tampa para iniciar a castra

INDICE

Afumando os panais de cera e mel dunha lacena

Cortando para extraer parte dos panais

Panais que se deixan na lacena para alimentación das abellas

Porción de panal, para separar cera e mel

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

CONSTRUCIÓNS DE CRÍA E HABITACIÓN DE ANIMAIS: AS LACENAS DAS ABELLAS EN BERDOIAS (e II)



Na parroquia de Berdoias lévanse localizadas un total de 99 lacenas das que, na actualidade, tan só 16 aínda teñen abellas.
Distribuídas por lugares: Sta. Cristiña ten 23 lacenas, Berdoias 18, Boallo 17, Grixoa 17, Romar 12, A Casanova 3, A Bouza 3, O Rego dos Podres 3, A Pedra do Frade 2, e O Petón 1 lacena.

- OS SOPORTES nos que se atopan instaladas maiormente as lacenas da parroquia son paredes de vellas casas-vivenda, das cortes, cabaneis, cabanas…, a maioría delas orientadas cara o Leste, e sendo variable o número de lacenas por soporte: desde unha, ata catro por fachada en Grixoa, e mesmo ata un máximo de cinco por fachada en Sta. Cristiña.

- Con respecto ás FRONTES, esas lousas verticais que pechan as lacenas de abellas polo exterior, adoitan ser lisas e en consonancia co resto da fachada. Hai veces en que as lacenas aparecen máis salientadas, exentas do recebo. E se ben, na case totalidade, cada lousa frontal exterior correspóndese cunha lacena, atopamos catro casos (en Grixoa, Sta Cristiña, e Boallo) nos que unha mesma lousa frontal comparte polo interior dous ocos de lacenas, independientes.
- Sobre os TOPETES, a maior parte das lacenas téñenos máis ou menos pronunciados e coa función de tornachuvias, aínda que hai tamén exemplares, sobre todo no lugar de Berdoias, que non teñen topetes.
- Con ABEIROS OU ABRIGOS LATERAIS, tan só atopamos nunha fachada en Boallo exemplares de tres lacenas con eles, os laterais esquerdos, coa función de tornaventos e tornachuvias para protexer dos vendavais a entrada e saída das abellas.
- SOBRE OS POUSADOIROS. aínda que hai algunhas lacenas sen eles, normalmente nas da parroquia teñen esa lousa que fai de soleira e que sobresae ó exterior formando un pousadoiro para as abellas, e que unhas veces é liso e corrido ó longo da fronte, e noutras é puntual, só por baixo da piqueira. Polo menos en seis exemplares atópanse pousadoiros puntuais ornamentados, con molduras ou con rostros humanos (catro nunha fachada dunha casa-vivenda en Grixoa, e dous nunha de Santa Cristiña).
- Con respecto ás PIQUEIRAS, os pequenos buratos de entrada e saída das abellas, hainas simples, e algunhas dobres ou triplas. Na case totalidade consisten en pequenas ampliacións na entrada, de aspecto moi sinxelo. Hai unha piqueira enmarcada cunha moldura, na Pedra do Frade

REUTILIZACIÓN DAS LACENAS: si ben é certo de que moitas das lacenas da parroquia desapareceron e outras quedaron sumidas no abandono, tamén hai un número apreciable de casos de lacenas que locen restauradas, e mesmo reutilizadas para outros menesteres.
Vídeo dunha lacena con abellas, en Boallo.

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

Lacenas salientadas en Romar, aínda hoxe con abellas

Lacenas en Boallo

VIDEO DE UNA LACENA EN BOALLO

Pousadoiros ornamentados, en Grixoa e Sta. Cristiña.

Lacena en Berdoias, sen topete, sen abeiros laterais, e sen pousadoiro desenvolvido

Lacena reconvertida, en Berdoias

Na Pedra do Frade, unha lacena de abellas, reconvertida.

Fachada con cinco lacenas, en Sta. Cristiña

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

OS MUIÑOS

CONSTRUCIÓNS DE TRANSFORMACIÓN DO GRAN (VIII):

CENSO TOTAL DE MUÍÑOS



Nas beiras do rego de Berdoias e nas doutros regatos, así coma no tramo do río Castro que atravesa a parroquia, atopamos, na actualidade, un total 21 MUÍÑOS hidráulicos, xa ningún deles en funcionamento, e, a maioría, nun estado ruínoso.

Os muíños, esas arquitecturas do pan, uns de propiedade privada e outros veciñais, son construcións de transformación de gran, de muros de cachotería, con teitos de tella ou pedra. Pequenos muíños de río, rego ou de regato, de canle ou de cubo, todos dunha soa moa para moer o millo- tan só había un muìño para moer trigo- e que funcionaban todo o ano, agás os 6 muíños de regato que había, que o facían só nas épocas máis chuviosas.

Polo seu mellor grado de consrvación podemos nomear tres muíños de rego ou de rio: o do Chibarra, o que se conserva máis completo; o do Gandiño e o da Grabiela, os tres a carón do rego de Berdoias, e ubicados moi preto da Vía Mariana.

E falando de muíños, non queremos deixar de mencionar ós máis primitivos e antigos dos que se ten coñecemento, tales coma, entre outros, OS MUÍÑOS CIRCULARES DE MAN, ós que os veciños chaman “AS MOAS DE MOER”. Precisamente, nos lugares de Santa Cristiña, A Bouza, Boallo e Petón aínda se conservan un total de 6 exemplares deste tipo.

INDICE

Moa de moer do muíño de man circular en Boallo

MUÍÑO DO CHIBARRA, O máis completo e mellor conservado de Berdoias

Muíño do Francés no va Pedroso, en estado ruinoso

Muíño de regato na Casanova

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

OS PASOS, OS CAMIÑOS, PONTES, PORTELAS, PASADOIROS, POXADOS

CONSTRUCIÓNS DO TERRITORIO (I): OS CAMIÑOS, OS CERCADOS, AS PONTES

Autores como Begoña Bas, Pedro de LLano, Xosé María Lema… falan de Arquitectura do Territorio cando se refiren ós camiños, ós cercados, ás pontes... Para eles a arquitectura é un ámbito máis amplo que o da casa-vivenda e as súas construcións complementarias, tamén abrangue toda a modificación do medio realizada polo home para acadar mellores condicións de vida, inclúe por tanto os valados que delimitan lindes, os camiños que comunican as casas coas súas herdades..., e as diversas e diferentes solucións de pasos como as pontes… Entre os rasgos máis distintivos do noso territorio, coma este da parroquia de Berdoias, están o de ser unha paisaxe moi humanizada, moi tocada pola man do home, un espazo onde cada curruncho de terra ten o seu propio nome. Un territorio de habitat disperso, cun predominio da pequena propiedade, do minifundio, e, ata non hai moitos anos, de economía agraria autosuficiente, co que se comprende así a necesidade e a existencia de moitas vías de comunicación de diversos tipos.

Hoxe, coa emigración, a intensa despoboación do rural e coa importante modificacción e transformación da economía, do territorio e da paisaxe agraria, levaron consigo tamén a desaparición e o abandono de moitos dos seus camiños, valados, pontes…

Tramos de camiño de Berdoias – Boallo

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

Camiño das Carreixas en Berdoias, no que, como solución ós problemas de tránsito no inverno, se reserva, nalgún tramo, un paso máis elevado, e polo tanto enxoito, para o paso da xente. As Carreixas aínda conserva tamén algún tramo de empedrado no chan.

Detalle duns tramos de Calzada empedrados en Boallo, a carón do paredón do pazo e do portalón de entrada e saída do lugar

INDICE

Tramos de calzada en Boallo

Camiño en Grixoa cara as agras, cun valado de pedra elemental, case dunha simple superposición de pedras.

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

Detalle dun camiño interior en Berdoias, cun bo valado de pedra rematado nunha longa fiada de pequenas lousas asentadas de xeito inclinado, cara a casa de Alonso de Lema II

E velaquí tamén unha mostra de tres pontes, ubicadas en plena Vía Mariana:
A PONTE DO VA PEDROSO, no camiño de Berdoias-Boallo, apoiada sobre 6 machóns ou cepas, que son os piares de cachotería que sosteñen os pontillóns lonxitudinais do chan da ponte, e sobre os que se asentan outras pedras irregulares. As cepas ou machóns están apuntados e algo redondeados, sobresaíndo augas arriba para facilitar unha mellor circulación da auga. No medio de cada un dos 5 ollos ou boquetes hai colocadas unhas estreitas laxes verticais para dificultar a posible obstrución no interior da ponte. Aínda así, as fortes enchentes e o abandono na limpeza deixaron danado este importante e singular paso.

As Pontellas rurais das CARREIXAS e do VA FONDELO, de 3 e 2 ollos respectivamente, teñen de machóns ou piares de apoio unha antas colocadas de canto en sentido vertical, e que sosteñen os pontillóns que conforman os seus chans.

Pontella das Carreixas; e Pontella do Va Fondelo

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

CONSTRUCIÓNS DO TERRITORIO:
OS PASOS: PORTELAS, PORTAIS, PASADOIROS, PORTELOS, POXADOS

Basicamente, nos valados de pedra podemos distinguir tipos de aberturas de acceso permanente para persoas, animais e carros, coma son as **PORTELAS** e os **PORTAIS**.

Para pasar só persoas e ou animais están os **PORTELOS**. Ás veces estes portelos sustitúense por outros tipos de **PASADOIROS** coma os de escalón, que son os máis comúns, e os pasadoiros de escada.

A estes habería que engadir pasos temporais, chamados **PORTAIROS** nalgúns lugares, que consisten na falla do muro nun treito de case 2 m. Nese treito o muro sería sustituído por unha parediña de pedra máis miúda, fácil de desfacer. O Portairo estaría pechado todo o ano e só se abriría para pasar o carro nos tempos da sementeira e da colleita.

No caso das correntes fluviais, a parte das solucións de paso nas que se fai obra (pontes, pontellas) hai outra solución de paso, hoxe case desaparecida en moitos lugares, que son os **POXADOS**, para pasar a xente, constituìdos por pedras que se colocan en ringleira chantadas no leito do río , a distancia entre elas dun paso dunha persoa.
Velaquí algunhas mostras destes tipos de **PASOS** na parroquia de Berdoias.

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

AS PORTELAS, que son as solucións de paso permanente máis comúns para a xente, animais e carros. Na parroquia de Berdoias aínda hai exemplares de portelas con cancelas que utilizan o couzón de pedra para facer o xiro, un vello mecanisco casi desaparecido. Aínda se conserva tamèn , o exemplo de portela temporal, pechada con pedras e que se abre nalgún momento do ano (nalgunhas zonas, este tipo de portelas reciben o nome de portairos).

Portela en Berdoias, con cancela e couzón

Portela temporal, en Grixoa

INDICE

PORTAIS en Boallo e Berdoias, de entrada e saída do lugar ou de fincas, son accesos de importantes dimensións., moitas veces asociados a pazos e casas fortes. Lugares de paso para a xente, os animais e os carros. En Berdoias e Boallo houbo e aínda hai varios exemplares.

Portal de entrada e saída de Boallo



Portal en Berdoias

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

O PASADOIRO DE ESCADA no Va Pedroso. A carón do camiño que vai de Berdoias a Boallo, polo que discorre hoxe a Vía Mariana, moi pretiño da ponte do Va Pedroso e das alvarizas de Francisco, atopamos un singular en enxeñoso pasadoiro que, pola parte do camiño, tén unha estrutura de pedra á que se lle acoplan dous banzos de madeira a xeito dunha escada. E por dentro do valado, o mesmo pasadoiro ten habilitados dous ocos na parede para colocar os pés.

Pasadoiro no Va Pedroso (por fóra)

Pasadoiro (por dentro)

INDICE

OS PORTELOS no camiño da misa de Grixoa a Berdoias, tamén chamado camiño da agra. Era un camiño de a pé, con ata sete PORTELOS como lugares de paso, só para as personas. Hoxe, este camiño abandonado aínda conserva algún en bo estado. Por exemplo, o portelo do Cubeliño, na agra de Baixo, cunhas medidas axeitadas para o o paso da xente: mide 0,80 m de alto, e de ancho: 0,27 m na parte baixa e 0,36 m na súa parte alta. Hai algún dos portelos que xa teñen algunhas pedras desprazadas, como lle pasa ó 2º portelo, indo de Grixoa cara Berdoias.

Portelo do Cubeliño, en Grixoa

Portelo de paso para a xente

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

UN PASADOIRO DE ESCALÓNS na Pedra do Frade, do tipo máis común, só para pasar a xente, e que se compón duns escalóns feitos con pedras que sobresaen do muro, e polo que soben en diagonal.
Muro con pasadoiro, na Pedra do Frade

OS POXADOS POLO RÍO CASTRO, en Boallo: É o único exemplo deste tipo de solución de paso que aínda continúa en pé. O feito de que nos mapas do entorno destes Poxados apareza o nome de "Pesqueira" pode indicarnos que noutros tempos estes Poxados tamén foron utilizados como punto de instalacón de sistemas de pesca fluvial.

Poxados no río Castro, por Boallo

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

CONSTRUCIÓNS DE CRÍA E HABITACIÓN DE ANIMAIS:
- OS POMBAIS



Como todo o mundo ben sabe, o pombal é unha arquitectura singular que serve para dar acubillo e cría das pombas. Considerando a escasa rendabilidade das pombas dentro da economía doméstica, a presencia dos pombais, na maioría dos casos, reducíuse a fincas das casas grandes, rectorais, mosteiros, pazos…

Na parroquia de Berdoias hai dous exemplares: O POMBAL DO CARMELO en Berdoias e o POMBAL DE SONIA en Boallo.

Nos dous casos, son construcións adaptadas a terreos empinados, cercanos ás casas-vivenda. Son estes pombais, como acontece na maioría , dous corpos cilíndricos, de base circular, e con portas de pequenas dimensións. No pombal de Boallo a medida do seu diámetro interior-4,23 m- coinciden coa altura dos seus muros. Pola contra, no de Berdoias, máis esbelto, o diámetro interior é de 2,5 m, por 3,70 m o do muro na súa parte máis alta.

En ambos os dous, os muros son de cachotería, e estaban revocados polo exterior con barro caleado, mellor conservados, neste aspecto, os do de Boallo. O hermetismo dos pombais tan só se rompe cunha porta de reducidas dimensións e cos ocos, de entrada e saída das pombas ubicados enriba do beiril no que rematan os muros.
No interior conservan o conxunto contínuo de nichos de pedra para aniñar as pombas, e tan só no de Boallo conserva unha mesa central rectagular onde se depositaba a comida das pombas.
Na actualidade, os dous pombais carecen de cubertas axeitadas, a do de Boallo, que non a ten, sería cuberta de tipo cónico, e a do de Berdoias, provisoria, é de teito a unha vertente, tamén chamado de ferradura.

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

Pombal de Berdoias

Interior, nichos do pombal de Berdoias

INDICE

Pombal de Berdoias, eira e cabazos

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

Pombal de Boallo

Mesa de pedra no interior do pombal de Boallo

INDICE

Interior, nichos do pombal de Boallo

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

DA PREHISTORIA

PETRÓGLIFOS DA PARROQUIA DE BERDOIAS

Calco da Estación do Outeiro do Recosto, en Boallo

Os petróglifos son eses gravados nas rochas, a maioría de máis de 4000 anos de antigüidade, que forman parte das xoias patrimoniais enigmáticas, e das que, en moitos casos, aínda hoxe se nos fai difícil descifrar o seu fondo significado.
Téñense atopado na parroquia, até o de agora, dúas estacións de petróglifos nun monte de Boallo, e outras dúas estacións nun monte de Berdoias, e que tratándose de localizacións en zonas extractivas de pedra é moi posible que outras xoias deste tipo rematasen destruídas.
A descuberta das estacións de Boallo e das de Berdoias ocurriron dun xeito moi similar:
Polo 1997 un cazador veciño, Manuel Soto Caamaño, localizaba no Outeiro do Recosto, en Boallo, unha estación de petrógifos.
Pouco tempo despois, moi pretiño, Roberto Mouzo, un dos nosos mellores estudosos e divulgadores do Patrimonio comarcal, localizaba unha segunda estación, chamada a da Pedra Mosqueira.
O **colectivo A RULA,** adicado á descuberta, investigación e divulgación, entre outras, de manifestacións artísticas tan singulares como son os gravados rupestres, fixo un excelente traballo de investigación dos petróglifos da parroquia de Berdoias.
Coa elaboración de fotogrametría en 3D permitíu precisar unha mellor descrición destes gravados, e coas súas fermosas xeiras nocturnas feitas en agosto do 2017 e en xullo do 2018, contribuíu dun xeito decisivo ó seu mellor coñecemento e divulgación.
* (A información deste texto e case todas as fotos proceden: da publicación da Rula *"Na espiral dos círculos concéntricos"* (2019) no que se lle adican os capítulos 11 e 12 ós petróglifos da parroquia de Berdoias.)

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

PETRÓGLIFOS DE BOALLO:

Ano 2003, cos cazadores que descubriron Pedrouzo 1 (Foto de La Voz de Galicia)

- A estación do Outeiro do Recosto:

Nun panel de pouco máis dun metro cadrado está esta estación composta por uns gravados de carácter xeométrico: 9 combinacións de círculos concéntricos, de diferentes dimensións e número de aneis, e con coviña central. A pesar dos seus 4.500 anos de antigüidade o seu estado de conservación é bastante bo. Nun extremo do rocha, distínguense tamén un conxunto de 15 coviñas

Estación de Outeiro do Recosto en Boallo

Calco. Estación do Outeiro do Recosto, en Boallo

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

- A estación de Pedra Mosqueira:

Composta dunha combinación circular de tres aneis e coviña central, en bastante mal estado de conservación.



Calco de Pedra Mosqueira (do C.A Rula e de Árbore Arqueoloxía e Restauración)

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

PETRÓGLIFOS DE BERDOIAS:

No 2003, un grupo de cazadores da parroquia, Adrián Valiña, Luís Valiña, e Manuel Vieitez, localizan no monte do Pedrouzo unha estación de petróglifos (Pedrouzo 1).
E tamén pouco tempo máis tarde é o mesmo Roberto Mouzo o que descobre moi pretiño, unha segunda estación (Pedrouzo 2).

- Estación de Pedrouzo 1:

Os traballos de fotogrametría permitiron localizar novos gravados nesta ampla laxe granítica, distribuidos en 4 paneis, e nos que se distinguen múltiples deseños de tipo xeométrico: un mínimo dunhas 9 combinacións circulares, de diferentes dimensións e número de aneis, e con coviña central.
Igualmente hai coviñas e cazoletas de diferentes tamaños



Calco dos 4 paneis de Pedrouzo 1 (do C. A Rula e de Árbore Arqueol. e Restaurac.)



Os catro paneis dos petroglifos do Pedrouzo



Modelo 3D da Estación 2

Fotogrametría en 3 D de Pedrouzo 1 (do C. A Rula)

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

- Estación de Pedrouzo 2:

Nun único panel presenta, como a primeira estación, gravados de carácter xeométrico e de temática abstracta, pero ten como diferencia a morfoloxía dos sucos (algúns, máis anchos e fondos) e diferente tipoloxía de motivos representados, uns a carón dos outros, o que nos fala de gravados pertencentes a diferentes períodos:

Do prehistórico:

- Ata nove combinacións circulares, de diferentes diámetros e número de aneis e coviña central.Dúas destas combinacións teñen acaroadas formas rectagulares , e outra ten acaroado tamén un deseño ovalado dividido en pequenos cadrados.
- dous aneis en forma de 8, unha pequena cruz sobre un círculo...

Do histórico:

- cruces simples, cruces con pés circulares , cruces dobres con brazos rematados en círculos...etc

Estación de petróglifos de Pedrouzo 2

INDICE

Calco dos petróglifos de Pedrouzo 2 (do C. A Rula e de Árbore Arqueol. e Restaurac.)

Detalle de Pedrouzo 2

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

PREHISTORIA: A CASOTA E A MÁMOA DE FREÁNS

A CASOTA DE FREANS



A Casota de Freáns, tamén chamada Casota dos Mouros ou de Berdoias, é unha pequena anta situada ao pé dun camiño tradicional, acaroada a un muro lindeiro dunha parcela agrícola, a pouco máis de 800 m de Berdoias. A partir da segunda metade do século XX foi foco de atención dos estudosos do megalitismo:

- Na década dos 30 a Casota acadou sona internacional tras ser estudada polo matrimonio de arqueólogos alemáns, os Leisner.
- En 1948 foi obxecto de estudo por Luís Monteagudo, e en 1953 por Ramón Sobrino.
- Na primeira década deste século, tralos traballos dirixidos polo arqueólogo A. Rodríguez Casal, a Casota de Berdoias foi unha das antas seleccinadas para incluír dentro do anunciado Parque do Megalitismo da Costa da Morte, aprobado pola xunta en 2016.
- Esta Casota é de planta rectangular de tres lousas chantadas verticalmente, ben encaixadas, e cunha tampa de cubrición monolítica. A súa forma, a ausencia de corredor e de túmulo fan considerar ós arqeólogos que forma parte das arcas megalíticas, antecesoras das cistas da idade de Bronce, entre o 2.500 e o 2000 a. C.

Nas caras internas das tres lousas verticais ten gravados: Coviñas e cruces, distribuídas dun xeito peculiar que levou a que varios autores formulasen hipóteses dun mapa estelar, da posible representación de constelacións, no que cada coviña se correspondería cunha estrela.
Na parte exterior da tampa hai unha cruz histórica, e tamén dúas coviñas.

A Casota de Freáns, foto dos Leisner





Calcos das tres lousas verticais con gravados.
(do C. A Rula e de Árbore, Arqueoloxía e Restauración)

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

A Mámoa de Freáns

A mámoa de Freáns está situada a 700 m de Berdoias, nun prado natural a carón do mesmo camiño tradicional que conduce á Casota, que queda 200 m máis adiante.

É unha tumba composta por un túmulo, un pequeno amoreamento de terra de 1,30 m de altura, de planta, neste caso, ovalada: con diámetro N-S de 17,50 m, e con diámetro E-W de 22, 70 m.

A forma de casquete esférico deste túmulos, sobre todo os de planta circular, recordan a unha mama, de aí o nome que se lle dá.

As mámoas acubillan no seu interior un sepulcro de pedra, unha anta, aínda que hai mámoas que xa non se lle atoparon.

Nesta mámoa de Freáns, a falta de escavación, non se aprecia polo exterior restos nen presencia de sepulcro de pedra.

Debuxo de X.M.Lema do seu libro "Polas antas e mámoas da Costa da Morte (2006)



Perfil dunha *mámoa* (túmulo).

A mámoa de Freáns (Foto de Manuel Rial)

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

INDICE GEORREFERENCIADO

- STA CRISTIÑA
- PEDRA DO FRADE
  - A da Gaia
  - A do Vilariño
- A BOUZA
- BOALLO
- REGO DOS PODRES
- BERDOIAS
- PEDROUZO
- FREANS
- A CASANOVA
- ROMAR
- GRIXOA

INDICE

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS

CIRCUITO NORTE

SANTA CRISTIÑA

1. O CURRO DE SANTA CRISTIÑA

Patrimonio de Berdoias:

Construcións de Cría e Habitación de Animais:

https://www.quepasanacosta.gal/articulo/vimianzo/tesouros-berdoias-xviii-curro-santa-cristina/20201107090652123115.html
http://patrimoniogalego.net/index.php/64398/2014/10/curro-de-santa-cristina/#respond

2. CAPELA DE STA. CRISTIÑA

Patrimonio de Berdoias:

https://www.quepasanacosta.gal/articulo/vimianzo/tesouros-berdoias-xxi-ermidas-capelas-cruces-cruceiros/20201128095015123595.html
http://patrimoniogalego.net/index.php/24265/2012/08/capela-de-santa-cristina/#respond

3. **As de Buxán.**
   a. **Eira e Cabana.** No Curro de Sta Cristiña. FOTO
   b. **Cabazo**
      https://goo.gl/maps/6FrXcCnbX4MJqbfw9
   c. **Alpendre, Cabazos, Lacenas e Forno**
      https://goo.gl/maps/sokeWeXv5jZbrUpb9

4. **A do Caamaño.** https://goo.gl/maps/5AfmzKKN5Gk96anN8
   Eira, Cabana, Cabanote e Cabazo. FOTO.

5. **A de Vilara.** https://goo.gl/maps/i6aknMQrHebb2fVP8
   Eira, Muiño de man e Cabazo FOTO.

6. **Dous Cabazos.** https://goo.gl/maps/2TU8yU7iUyEDMyL76

INDICE

UNHA PARROQUIA DE 35 EIRAS

https://www.quepasanacosta.gal/articulo/vimianzo/tesouros-da-parroquia-berdoias-vii-parroquia-35-eiras/20200822100144121437.html

AS LACENAS DAS ABELLAS

https://www.quepasanacosta.gal/articulo/vimianzo/tesouros-berdoias-xiv-lacenas-abellas/20201010102228122485.html
https://www.quepasanacosta.gal/articulo/vimianzo/tesouros-berdoias-xv-lacenas-abellas-ii/20201017093609122636.html

UNHA PARROQUIA DE 99 CABAZOS

https://www.quepasanacosta.gal/articulo/vimianzo/tesouros-berdoias-xii-99-cabazos-da-parroquia-i/20200926093848122176.html

VMLG.17. PATRIMONIO MATERIAL DA PARROQUIA DE BERDOIAS